

APRENDEMOS SOBRE AS BOLBORETAS 2


- As bolboretas e as polillas (bolboretas nocturnas) son **INSECTOS**, ao igual que as formigas, as moscas, as abellas, as vespas...
- Son un grupo de insectos especial chamado **LEPIDÓPTEROS** (que en grego significa ás con escamas) e son os únicos insectos alados que as teñen. As súas ás están formadas por unhas láminas transparentes con veas moi finas recubertas de pequenas escamas de diferentes cores e que en moitas ocasións reflicten a luz.
- As bolboretas, como todos os insectos, teñen o corpo dividido en tres partes: **Cabeza, tórax e abdome**.

Á de bolboreta sen escamas.



Cabeza. Na cabeza atopamos:

- **Dous ollos compostos.** Formados por milleiros de ollos simples que fan que as bolboretas poidan ver nun amplo radio e perciban rapidamente os movementos ao seu redor.
- **Dúas antenas.** Onde residen os sentidos de olfacto, oído e tacto. Sí! Coas antenas ulen, escoitan e notan se algo está frío ou quente, é duro ou brando....



- **Unha espiritrompa.** Chamada así porque cando non a necesita se enrosca en forma de espiral. Serve para absorber o néctar das flores ou substancias disoltas na auga para alimentarse.
- Algunhas bolboretas teñen na boca unhas formacións chamadas **palpos** que as veces son ben grandes

Tórax. No tórax atopamos:

- **Tres pares de patas** saen do tórax ao igual que en todos os insectos. As patas das bolboretas son longas e rematan nunhas **unllas** que lles permiten suxeitarse. Nos pés tamen teñen sentido do gusto e así poden escoller ben a flor da que alimentarse.




A maioría das bolboretas teñen nas patas un "**espolón**" que lles serve para limpar a espiritrompa.

- **Dous pares de ás.** As **ás anteriores** (as que están máis cerca da cabeza) e as **ás posteriores**.
- Como todas as ás, serven para voar. Pero nas bolboretas ademais lles serven para **regular a temperatura** do corpo (grazas as súas escamas) e para a reprodución porque, ademais de conquistar co seu voo, emiten "**feromonas**" que son como unha "perfume máxico para namorar".

Abdome. No abdome atópanse o **tubo dixestivo**, un músculo que funciona coma un **corazón**, e o **aparato reprodutor** das bolboretas. Tamén presenta uns orificios polos que a bolboreta respira (**espiráculos**), tomando o osíxeno do aire e levándoo ata as células.

Escribe o nome das partes da bolboreta



Escribe dúas cousas que teñen as bolboretas e non as teñen o resto dos insectos:

Qué che gustaría saber das bolboretas que non teñas aprendido aquí?

Explica que significan as seguintes palabras:

Polilla: _____

Lepidópteros: _____

Espiritrompa: _____

Espiráculos: _____

Palpos labiais: _____



Este traballo gustoume: MOITO REGULAR POUCO